

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

1640 *Lei orgánica 3/2011, do 28 de xaneiro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei orgánica de partidos políticos foi unha lei de fortalecemento democrático e un dos máis notables exemplos de compromiso en defensa e consolidación do noso réxime de liberdades, pois estableceu que os partidos políticos, sendo configurados como unha peza medular no noso sistema, debían respectar na súa actuación o método democrático para defender as súas ideas e obxectivos. A súa aplicación comportou a ilegalización de partidos que xustificaban a violencia como método e que estaban en convivencia ou servían de instrumento a organizacións terroristas para prolongar política e socialmente o terror, a ameaza, a intimidación ou a extorsión.

Pola súa vez, coa finalidade de excluír durante o proceso electoral as candidaturas fraudulentas sucesoras de partidos ilegalizados, introduciu na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, unha reforma articulada ao redor de dúas medidas: a prohibición de presentar candidaturas para «as agrupacións de electores que, de feito, veñan continuar ou suceder a actividade dun partido político declarado xudicialmente ilegal e disolto, ou suspendido» (artigo 44.4 LOREX); e a lexitimación do Goberno e do Ministerio Fiscal para faceren efectiva esta prohibición, mediante o recurso contra a proclamación de tales candidaturas ante a sala do artigo 61 do Tribunal Supremo (artigo 49.5 LOREX).

Hoxe, case nove anos despois, á vista da experiencia acumulada, desde a convicción moral e política de que a democracia pode, cos resortes do Estado de dereito, dotarse de instrumentos xurídicos para a súa defensa, e tendo en conta a doutrina do Tribunal Supremo, do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, considérase conveniente reformar determinados preceptos da lei electoral para evitar que formacións políticas ilegais ou aqueles que xustifican ou apoian a violencia terrorista poidan utilizar novas vías para, fraudulentamente, concorreren a futuros procesos electorais e obteren representación institucional.

Para iso, en primeiro lugar, amplíase aos partidos, federacións e coalicións a prohibición de presentar candidaturas que de feito sexan sucesoras ou continuadoras da actividade dun partido ilegalizado e, en consonancia con iso, amplíase tamén a lexitimación do Goberno e do Ministerio Fiscal no recurso contencioso-electoral para impugnar candidaturas presentadas por partidos, federacións ou coalicións, ademais das presentadas por agrupacións de electores, actualmente previstas na lei.

En segundo lugar, posibilitase a impugnación de candidaturas durante a campaña electoral, ampliando, tanto o prazo de presentación do recurso (ata o cuadraxésimo cuarto día posterior ao da convocatoria das eleccións), como o prazo para que o Tribunal Constitucional resolva os eventuais recursos (que coincidirá co último día da campaña electoral).

Tamén se prevé a posibilidade de que, desde a votación ata a proclamación de electos, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal soliciten, ante a Sala Especial do Tribunal Supremo do artigo 61 da LOPX, a suspensión cautelar da proclamación de electos pertencentes a candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou

coalicións integradas por partidos contra os cales vaian promover un procedemento de ilegalización ou un incidente de execución de sentenza de ilegalización nos quince días seguintes.

Complementariamente introdúcese, en todas as modalidades de procesos electorais, unha nova causa de incompatibilidade sobrevida, que concorrerá nos representantes electos de candidaturas presentadas por partidos, ou por federacións ou coalicións de partidos declarados posteriormente ilegais por sentenza xudicial firme, salvo que voluntariamente e de modo expreso e indubidable rexeiten as causas que motivaron a ilegalización da formación baixo cuxa lista concorreron ás eleccións.

Noutra orde de cousas, e para garantir o funcionamento normal das entidades locais cando non sexa posible cubrir as vacantes xeradas por falecemento, incapacidade ou renuncia dos concelleiros e dos seus suplentes, e ante a negativa dos cidadáns a ocupar as ditas vacantes de acordo co sistema actualmente previsto, modifícase a lei para encomendarlles a xestión ordinaria destes municipios aos órganos que teñan atribuída a competencia sobre réxime local segundo os respectivos estatutos de autonomía e as leis básicas do Estado.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modifícase nos seguintes termos:

Un. A letra b) do punto 2 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

2. Son inelixibles:

«b) Os condenados por sentenza, aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo, contra a Administración pública ou contra as institucións do Estado cando esta establece a pena de inhabilitación para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou a de inhabilitación absoluta ou especial ou de suspensión para emprego ou cargo público nos termos previstos na lexislación penal.»

Dous. Inclúese un punto 4 no artigo 6 coa seguinte redacción:

«4. As causas de inelixibilidade son tamén de incompatibilidade. As causas de incompatibilidade rexeranse polo disposto para cada tipo de proceso electoral.

En todo caso, serán incompatibles as persoas electas en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme, así como os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme. A incompatibilidade producirá efecto no prazo de quince días naturais, desde que a Administración electoral permanente lle comunique ao interesado a causa de incompatibilidade, salvo que este formule, voluntariamente, ante a dita Administración unha declaración expresa e indubidable de separación e rexeitamento respecto das causas determinantes da declaración de ilegalidade do partido político ou do partido integrante da federación ou coalición en cuxa candidatura tiver resultado electo; ou, de ser o caso, do partido ao cal se declarase vinculada a agrupación de electores en cuxa candidatura tiver resultado electo.

Se durante o exercicio do mandato ao cal accedese tras ter explicitado a dita declaración, a persoa electa se retractase desta, por calquera medio, ou mostrase contradición, a través de feitos, omisións ou manifestacións, respecto do seu contido, quedará definitivamente incurso na causa de incompatibilidade regulada neste punto. A incompatibilidade producirá efecto a partir da notificación realizada para o efecto pola Administración electoral permanente, por si ou por instancia do Goberno, a través da Avogacía do Estado, ou do Ministerio Fiscal.

Nos supostos previstos nos dous parágrafos anteriores, o afectado e, de ser o caso, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal poderán interpor recurso ante a Sala Especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial, nos prazos previstos no artigo 49 desta lei.

O mesmo réxime de incompatibilidade se aplicará aos integrantes da candidatura da formación política declarada ilegal que sexan chamados a cubrir o escano vacante, incluídos os suplentes.»

Tres. O punto 5 do artigo 41 queda redactado do seguinte modo:

«5. Os representantes de cada candidatura poderán obter dentro dos dous días seguintes ao da proclamación da súa candidatura unha copia do censo do distrito correspondente, ordenado por mesas, en soporte apto para o seu tratamento informático, que poderá ser utilizado exclusivamente para os fins previstos nesta lei. Alternativamente os representantes xerais poderán obter nas mesmas condicións unha copia do censo vixente dos distritos onde o seu partido, federación ou coalición presente candidaturas. Así mesmo, as xuntas electorais de zona disporán dunha copia do censo electoral utilizable, correspondente ao seu ámbito.

As xuntas electorais, mediante resolución motivada, poderán suspender cautelarmente a entrega das copias do censo aos representantes antes citados cando a proclamación das súas candidaturas fose obxecto de recurso ou cando se considere que poderían estar incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 44.4 desta lei.»

Catro. O punto 4 do artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«4. En todo caso, os partidos políticos, as federacións ou coalicións de partidos e as agrupacións de electores non poderán presentar candidaturas que, de feito, veñan continuar ou suceder a actividade dun partido político declarado xudicialmente ilegal e disolto, ou suspendido. Para estes efectos, terase en conta a similitude substancial das súas estruturas, organización e funcionamento, das persoas que os compoñen, rexen, representan, administran ou integran cada unha das candidaturas, da procedencia dos medios de financiamento ou materiais, ou de calquera outra circunstancia relevante que, como a súa disposición a apoiar a violencia ou o terrorismo, permitan considerar a dita continuidade ou sucesión.»

Cinco. O punto 5 do artigo 49 queda redactado do seguinte modo:

«5. Os recursos previstos neste artigo serán de aplicación aos supostos de proclamación ou exclusión de candidaturas presentadas polos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores aos cales se refire o punto 4 do artigo 44 desta lei orgánica, coas seguintes excepcións:

a) O recurso previsto no punto primeiro deste artigo interporase ante a Sala Especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Estarán tamén lexitimados para a interposición do recurso os que o estean para solicitar a declaración de ilegalidade dun partido político, conforme o disposto no punto 1 do artigo 11 da Lei orgánica de partidos políticos, e terán dereito de acceso á documentación que conste en poder das xuntas electorais.

c) Se durante a campaña electoral as partes lexitimadas para interpor o recurso tivesen coñecemento de circunstancias que, conforme o artigo 44.4 desta lei, impiden a presentación de candidaturas, o recurso poderase interpor ata o cuadraxésimo cuarto día posterior ao da convocatoria, e a Sala Especial do Tribunal Supremo deberá resolver dentro do terceiro día a partir da interposición.

Neste suposto, non resultará de aplicación a prohibición de fabricación das papeletas da candidatura afectada prevista no artigo 71.2.»

Seis. Inclúese un punto 4 bis no artigo 108 coa seguinte redacción:

«4 bis. Desde a votación ata a proclamación de electos, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal poderán presentar, ante a Sala Especial do Tribunal Supremo do artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial, un escrito motivado en que se anuncie a presentación, nun prazo non superior a quince días, da demanda de ilegalización ou do incidente de execución previstos nos artigos 11 e 12.3 da Lei orgánica 6/2002, de partidos políticos, solicitando a suspensión cautelar da proclamación dos electos que concorren nas candidaturas do partido afectado ou nas federacións ou coalicións por el integradas. Así mesmo, poderán solicitar a suspensión cautelar da proclamación dos electos que concorren en candidaturas presentadas por agrupacións de electores que poidan estar vinculadas ao partido contra o cal se dirixa a demanda de ilegalización ou o incidente de execución, ou a un partido declarado ilegal por resolución xudicial firme. A Sala resolverá sobre a suspensión nos dous días seguintes ao da presentación do dito escrito.

Unha vez presentada a demanda ou instado o incidente, a Sala, ao resolver o trámite de admisión, pronunciarase sobre a continuidade ou non da suspensión cautelar ata a finalización do procedemento. Prorrogada a suspensión, se a resolución que poña fin ao procedemento declarase a ilegalización do partido ou a súa condición de sucesor doutro ilegalizado, declarará tamén a non proclamación dos electos que concorren nas súas candidaturas ou nas de federacións ou coalicións por el integradas. O pagamento das subvencións a que se refire o artigo 127.2 non procederá mentres subsista a medida de suspensión adoptada e só se efectuará se a resolución que poña fin ao procedemento xudicial é desestimatoria da demanda de ilegalización ou do incidente de execución.

En calquera momento do mandato electoral dos electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores, o Goberno, a través da Avogacía do Estado, e o Ministerio Fiscal poderán presentar, ante a Sala Especial do Tribunal Supremo do artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial, a demanda ou o incidente de execución previstos nos artigos 11 e 12.3 da Lei orgánica 6/2002, de partidos políticos, solicitando que se declare a vinculación das ditas agrupacións cun partido ilegalizado ou co partido cuxa ilegalización se pretende.»

Sete. Inclúese unha letra f) no punto 2 do artigo 155 coa seguinte redacción:

«f) Os deputados e senadores electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.»

Oito. Inclúese un punto 5 no artigo 155 coa seguinte redacción:

«5. Cando a causa de incompatibilidade sexa a prevista no punto 2.f), aplicarase o disposto no artigo 6.4 desta lei.»

Nove. Inclúese unha letra e) no punto 2 do artigo 178 coa seguinte redacción:

«e) Os concelleiros electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.»

Dez. O punto 3 do artigo 178 queda redactado do seguinte modo:

«3. Cando se produza unha situación de incompatibilidade, os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que, de acordo co establecido no punto anterior, dea orixe á referida incompatibilidade.

Cando a causa de incompatibilidade sexa a prevista no punto 2.e) deste artigo, aplicarase o disposto no artigo 6.4 desta lei.»

Once. Inclúese un segundo parágrafo no punto 3 do artigo 182 coa seguinte redacción:

«[...]

Cando resulte imposible conformar a comisión xestora, a deputación provincial ou, de ser o caso, o órgano competente da comunidade autónoma, asumirá directamente a xestión ordinaria da entidade local, e non poderá adoptar acordos para os cales se requira unha maioría cualificada.»

Doce. Inclúese unha letra e) no punto 1 do artigo 203:

«e) Os deputados provinciais electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.»

Trece. O punto 2 do artigo 203 queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando se produza unha situación de incompatibilidade, os afectados deberán optar entre a renuncia ao posto de deputado provincial ou o abandono da situación que, de acordo co establecido no punto anterior, dea orixe á referida incompatibilidade. Cando a causa de incompatibilidade sexa a prevista no punto 1.e), aplicarase o disposto no artigo 6.4 desta lei.»

Catorce. O artigo 209 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 209. *Respecto a réximes autonómicos e forais.*

O regulado neste capítulo enténdese sen prexuízo do respecto aos réximes especiais autonómicos e forais, sendo en todo caso aplicable a eles o disposto nos artigos 6.4 e 203.1.e) desta lei.»

Quince. Inclúese unha letra e) no punto 2 do artigo 211 coa seguinte redacción:

«e) Os deputados ao Parlamento Europeo electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.»

Dezaseis. O punto 3 do artigo 211 queda redactado do seguinte modo:

«3. Nos supostos das letras c) e d) do punto anterior, a incompatibilidade resólvese a favor da condición parlamentaria adquirida en último termo. Cando a causa de incompatibilidade sexa a prevista no punto 2.e), aplicarase o disposto no artigo 6.4 desta lei.»

Disposición derradeira primeira.

Modifícanse os puntos 3 e 7 do artigo 11 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, que terán a redacción seguinte:

«3. A Sala procederá inmediatamente ao emprazamento do partido político afectado e, de ser o caso, das persoas electas en candidaturas presentadas por agrupacións de electores, dándolles traslado da demanda, para que poidan comparecer ante ela no prazo de oito días. Unha vez comparecidos na debida forma ou transcorrido o prazo correspondente sen telo realizado, a Sala analizará a

admisión inicial da demanda e poderá inadmitir esta mediante auto de concorrer algunha das seguintes causas:

- a) Que fose interposta por persoa non lexitimada ou non debidamente representada.
- b) Que manifestamente non se cumpran os requisitos substantivos ou de forma para a súa admisión.
- c) Que a demanda careza manifestamente de fundamento.

A apreciación da concorrencia dalgunha das causas indicadas poráselles de manifesto ás partes para que poidan formular alegacións sobre ela no prazo común de dez días.»

«7. A sentenza ditada pola Sala Especial do Tribunal Supremo, que poderá declarar a disolución do partido político ou desestimar a demanda, non será obxecto de ningún recurso sen prexuízo, de ser o caso, do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, e será executiva desde o momento da súa notificación. De se decretar a disolución, a Sala ordenará a cancelación da correspondente inscrición rexistral, e a resolución producirá os efectos que se determinan no artigo seguinte desta lei orgánica. De ser o caso, a sentenza declarará tamén a existencia ou non de vinculación co partido político ilegalizado das candidaturas presentadas polas agrupacións de electores. De se desestimar a demanda, esta só se poderá volver reiterar de se presentaren ante o Tribunal Supremo novos elementos de feito, suficientes para realizar valoracións sobre a actividade ilegal dun partido diferentes ás xa contidas na sentenza.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Código penal.*

Corríxense os seguintes artigos e puntos da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, na redacción dada pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño.

1. No artigo 131.1 suprímese o seguinte parágrafo: «Os delitos de calumnia e inxuria prescriben ao ano».
2. No punto 7 do artigo 197 substitúese o inciso «mencionados no punto 5» por «mencionados no punto anterior».
3. No artigo 288.1 inclúese a referencia ao artigo 284 entre as referencias aos artigos 282 bis e 286 bis.
4. No punto 1 do artigo 570 quáter substitúese o inciso «este capítulo» por «este capítulo e o seguinte» e o inciso «do artigo 31 bis» por «dos artigos 33.7 e 129».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de xaneiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO